

b) Mozos agricultores que, de acordo co que establece o número 7 do artigo 2 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, estean dados de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social no momento da presentación da solicitude. Esta adxudicación poderá ser sen contrapartida financeira nos casos de mozos agricultores que se establezan por primeira vez na actividade agraria.

c) Agricultores titulares de explotacións agrarias prioritarias.

d) Agricultores a título principal.

2. Os solicitantes de dereitos non deberán ter sido beneficiarios da prima por abandono definitivo nin ter cedido dereitos de replantación polo menos nas últimas cinco campañas.

As comunidades autónomas poderán establecer outros criterios de exclusión adicionais para a concesión de dereitos provenientes das súas reservas.

3. Os dereitos de plantación asignados ós viticultores procedentes dunha reserva non poderán ser obxecto de transferencia.

Artigo 4. *Asignación de dereitos da Reserva Nacional ás reservas rexionais.*

1. Periodicamente, os dereitos da Reserva Nacional, excluídos aqueles que transitoriamente teñan que cubrir determinados prazos, asignaranse ás comunidades autónomas segundo os criterios recollidos no artigo 2 do Real decreto 1472/2000. No caso de que se considere conveniente, poderase utilizar como criterio prioritario de asignación a satisfacción das necesidades de dereitos derivados dos procesos de regularización.

2. No suposto de que unha determinada comunidade autónoma non constituía reserva rexional, o uso que esta fixese dos dereitos que se lle asignen deberá acomodarse ás condicións e requisitos establecidos no número 3 do artigo 2 e nos números 1, 2 e 3 do artigo 3 deste real decreto.

Artigo 5. *Prezo dos dereitos para regularizar superficies.*

Para a determinación do prezo dos dereitos da reserva que se destinen a regularizar superficies de viñedo, tomárase en consideración a táboa de rendementos provinciais que se establece en virtude do segundo parágrafo do número 2 do artigo 5 do Real decreto 1472/2000. Como mínimo, a cantidade que terá que paga-lo produtor á reserva por cada hectárea de viñedo que vaia regularizar, en concepto do 150 por 100 do prezo a que fai referencia a alínea a) do número 6 do artigo 2 do Regulamento (CE) 1493/1999, virá determinada polo resultado de multiplicar a cifra de 900 euros polo cociente que resulte de dividi-lo rendemento medio da provincia onde se encontre a parcela que se vai regularizar polo da provincia que na táboa teña o máis baixo rendemento nacional.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto, así como para a súa adaptación ás modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4221 *REAL DECRETO 236/2002, do 1 de marzo, polo que se establece a hora de verán. («BOE» 53, do 2-3-2002.)*

Díctase este real decreto coa finalidade de incorporar ó ordenamento xurídico español a Directiva 2000/84/CE, do 19 de xaneiro de 2001, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás disposicións sobre a hora de verán. A dita directiva, aplicable con carácter indefinido a partir do ano 2002, introduce un modo de determinación anual da data e hora de comezo e fin do período da hora de verán.

A decisión de adianta-la hora oficial polo tempo dunha hora durante os meses con maior cantidade de horas de luz veuse adoptando en España e noutros países desde as primeiras décadas do século XX.

En España, a primeira norma publicada con tal contido foi o Real decreto do 3 de abril de 1918, polo que se adiantaba a hora oficial «como medio de conseguilo aforro de carbón». Nos anos posteriores adoptouse a hora de verán mediante ordes da Presidencia do Consello de Ministros de vixencia anual, pero cunha frecuencia irregular e intermitente, ata que no período comprendido entre 1950 e 1973 a práctica foi abandonada por completo.

A recuperación do costume do adianto horario tivo lugar en 1974, con carácter xeral en Europa. Adoptouse de forma drástica e urxente ante a crise do petróleo sobrevida no dito ano. Desde entón, e ata 1984, unha orde anual da Presidencia do Goberno veu establecendo a hora de verán ininterrompidamente, e de forma coordinada cos demais países europeos, pero con absoluta autonomía normativa respecto a eles.

Producido xa o ingreso de España nas Comunidades Europeas, a hora de verán estableceuse regularmente no noso país mediante a transposición das directivas europeas nesa materia.

Na perspectiva europea, as directivas sobre a hora de verán dictáronse desde 1980, co obxectivo de harmonizar progresivamente as datas de inicio e fin do período de adianto horario, que os daquela estados membros realizaban de forma descoordinada. A medida pretendía suprimi-los obstáculos á libre circulación de bens, servizos e persoas a que poderían dar lugar disposicións nacionais diverxentes sobre a hora de verán.

Desde 1981 a 2001, ambos inclusive, a hora de verán foi aplicada a través de oito directivas. A primeira delas conseguiu harmonizar en tódolos estados membros soamente a data de inicio da hora de verán. As directivas segunda a sexta engadiron unha data de finalización para o dito período de adianto horario, pero en dúas versións: unha para Irlanda e O Reino Unido (o derradeiro domingo de outubro) e outra para os estados membros continentais (que o facían o derradeiro domingo de setembro). A harmonización completa do calendario

logrouse coas directivas sétima e oitava, aplicables de 1995 ata 2001, inclusive, en virtude das cales se estableceu o derradeiro domingo de outubro como data común para a finalización da hora de verán.

Sen embargo, as citadas oito directivas anteriores posuían unha calidade común: que se dictaban para un ou varios anos determinados. Todas elas se limitaban a conter unha táboa co calendario de datas de principio e fin do período horario de verán, aplicables a cada un dos anos afectados pola directiva correspondente.

En cambio, a nova Directiva 2000/84/CE, do 19 de xaneiro de 2001, do Parlamento europeo e do Consello, non sinala un prazo definido para a súa vixencia, nin inclúe no seu articulado unha nova táboa co calendario de datas de cambio horario aplicables a uns anos concretos; senón que o dito mecanismo tradicional se substitúe por unha norma de enunciado xenérico, en virtude da cal, desde o ano 2002 en diante, o inicio do período da hora de verán será o derradeiro domingo de marzo, e a súa fin terá lugar o derradeiro domingo de outubro; en ámbolos casos á unha da madrugada, hora de tempo universal. A fórmula é a xa aplicada en anos anteriores; a novidade radica en que agora a fórmula queda integrada na norma. Como este novo contido lle confire á directiva unha entidade, alcance e eficacia superiores ás anteriores directivas (a incorporación da cal ó ordenamento español se efectuou sempre por orde do Ministerio da Presidencia) pareceu conveniente elevar a real decreto o rango da norma de transposición.

Así pois, unha vez lograda a harmonización nos contidos da hora de verán, as Comunidades Europeas dictan a nova Directiva 2000/84/CE, con vocación de permanencia, de modo que tódolos cidadáns e institucións privadas e públicas da Unión poidan coñecer anticipadamente as datas do cambio horario anual e planificala súa actividade sen necesidade de esperar ningunha norma futura, mentres a agora aprobada permaneza en vigor.

Nos traballos para a incorporación da directiva ó ordenamento español tívose presente, ademais da novidade sinalada, a necesidade de claridade nunha norma de tanta repercusión cidadá.

Para determina-lo momento dos cambios de hora, tívose en conta o feito de que en España existen dúas horas oficiais, unha para a Península e arquipélago balear e outra para o arquipélago canario. O real decreto recolle esta circunstancia, co fin de garantir que o cambio horario se efectuará no mesmo instante en todo o territorio nacional; o que, pola súa vez, contribúe a preservar a simultaneidade do cambio no conxunto dos países da Unión Europea.

Neste punto, como en todo o texto normativo nos seus aspectos técnicos, actuouse en estreita colaboración co Real Instituto e Observatorio da Armada. A este organismo correspóndelle mante-la unidade básica de tempo, así como a escala do tempo universal coordinado, a cal constitúe a base da hora legal en todo o territorio nacional, segundo dispón o Real decreto 1308/1992, do 23 de outubro, que define as ditas funcións.

No proceso de elaboración desta norma considerouse o problema da identificación das dúas horas que corren consecutivamente entre as dúas e as tres da madrugada do derradeiro domingo de outubro, como consecuencia do atraso dunha hora que nesa data marca a fin do período horario de verán. Como ámbalas series de sesenta minutos se denominan coa mesma expresión numérica, resulta moi conveniente que as persoas actuantes en funcións de policía ou servizo público reflectan o momento do acaecemento dun feito ou suceso de forma absolutamente inequívoca, especialmente cando a constancia da hora poida ter efectos xurídicos ou administrativos ou afecte á seguridade de persoas e bens. Esta-

blécese unha obriga en tal sentido no artigo 4, sen prexuízo de que posteriormente se introduza unha fórmula específica de distinción entre ámbalas horas, tralas tarefas de estudio das que a coordinación se atribúe ó Ministerio da Presidencia na disposición derradeira primeira.

Este real decreto inclúe un anexo co primeiro calendario quinquenal de principio e fin do período da hora de verán. Aínda que a súa determinación resulta inequívoca en aplicación do disposto nos artigos 2 e 3, inclúese a dita táboa para unha maior claridade en materia de tanta repercusión cidadá. Séguese así a pauta marcada pola propia directiva, que no seu artigo 4 lle encomenda á Comisión Europea a publicación no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» da táboa quinquenal correspondente (a primeira delas publicada mediante Comunicación da Comisión no «DOCE» do 2 de febreiro de 2001). En España, os posteriores calendarios quinquenais publicáranse por orde do ministro da Presidencia.

Na súa virtude, por proposta do ministro da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2002,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Para efectos desta disposición, entenderase por «período da hora de verán» o período do ano durante o cal a hora oficial española se adianta sesenta minutos respecto á hora do resto do ano.

2. O comezo e a fin do período da hora de verán de cada ano determinaríanse conforme o que se dispón nos artigos seguintes.

Artigo 2. *Comezo do período da hora de verán.*

O período da hora de verán comezará o derradeiro domingo do mes de marzo de cada ano ás dúas horas da madrugada (a unha da madrugada en Canarias), momento en que a hora oficial española se adiantará sesenta minutos. Polo tanto, ese día terá unha duración oficial de vintetrés horas.

Artigo 3. *Fin do período da hora de verán.*

O período da hora de verán rematará o derradeiro domingo do mes de outubro de cada ano, ás tres horas da madrugada (as dúas horas da madrugada en Canarias), momento no que a hora oficial española se atrasará sesenta minutos. Polo tanto, ese día terá unha duración oficial de vintecinco horas.

Artigo 4. *Constancia exacta da hora.*

Nas funcións administrativas de policía e servizo público no exercicio das cales incida o principio ou a fin do período da hora de verán, os funcionarios e demais persoas actuantes velarán por que o cambio horario se reflecta de modo exacto e inequívoco, especialmente nos casos en que a constancia da hora poida ter efectos xurídicos ou administrativos, ou consecuencias para a seguridade de persoas e bens.

Artigo 5. *Calendarios quinquenais da hora de verán.*

1. O calendario da hora de verán para os anos 2002 a 2006, ambos inclusive, en aplicación do disposto nos artigos 2 e 3, é o que figura no anexo deste real decreto.

2. A publicación do calendario de hora de verán correspondente ó seguinte e sucesivos períodos quinquenais efectuarase por orde do ministro da Presidencia, antes de que finalice o período inmediatamente anterior.

Artigo 6. *Medidas de aplicación.*

Os departamentos ministeriais dos que dependan servizos públicos ós que afecten estas medidas disporán o necesario para o seu cumprimento.

Disposición derradeira primeira. *Identificación da dobre hora do derradeiro domingo do mes de outubro.*

No marco do disposto no artigo 4, o Ministerio da Presidencia, coa intervención dos departamentos ministeriais e organismos afectados, coordinará os traballos e estudos necesarios para determina-la conveniencia de establecer unha forma de identificación de cada unha das dúas horas que, de acordo co previsto no artigo 3, corren consecutivamente entre as dúas e as tres horas da madrugada (a unha e as dúas horas da madrugada en Canarias) do último domingo do mes de outubro de cada ano. Por orde do ministro da Presidencia aprobarase a norma que, se é o caso, se determine.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

ANEXO

Datas de inicio e fin do período de hora de verán dos anos 2002 a 2006

2002: Domingos 31 de marzo e 27 de outubro de 2002.
2003: Domingos 30 de marzo e 26 de outubro de 2003.
2004: Domingos 28 de marzo e 31 de outubro de 2004.
2005: Domingos 27 de marzo e 30 de outubro de 2005.
2006: Domingos 26 de marzo e 29 de outubro de 2006.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4372 *REAL DECRETO 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos ós alumnos de centros escolares.* («BOE» 55, do 5-3-2002.)

O Regulamento (CE) 1255/1999, do Consello, do 17 de maio, polo que se establece a organización común de mercados no sector do leite e dos produtos lácteos, prevé no seu artigo 14 a concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares.

O Regulamento (CE) 1670/2000, do Consello, do 20 de xullo, que modifica o Regulamento (CE) 1255/1999 polo que se establece a organización común de mercados no sector do leite e dos produtos lácteos, modifica o dito artigo 14 reducindo o importe da axuda

comunitaria e establecendo a posibilidade de que, como complemento a esta axuda, os estados membros poidan conceder axudas nacionais.

O Regulamento (CE) 2707/2000, da Comisión, do 11 de decembro, que establece as modalidades de aplicación do Regulamento (CE) 1255/1999, do Consello, no relativo á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos ós alumnos de centros escolares, reflicte xa o novo importe desta axuda e codifica e actualiza a anterior lexislación comunitaria nesta materia, sendo aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2001.

Dado que a Orde do 19 de xaneiro de 1994, pola que se instrumentan as axudas para a cesión de leite e determinados produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares, se basea na regulamentación comunitaria que deixa de ser aplicable, é necesario modifica-la normativa nacional para adecuala á nova regulamentación comunitaria. Por outro lado, determinados aspectos do Regulamento (CE) 2707/2000, da Comisión, deben ser desenvolvidos polos Estados membros nas súas respectivas lexislacións nacionais, tendo en conta, ademais, a experiencia adquirida durante os anos de xestión desta axuda.

O réxime de axudas previsto neste real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional, con excepción de Ceuta e Melilla de acordo co previsto no artigo 25.3 da Acta de adhesión de España ás Comunidades Europeas.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios e para unha maior comprensión por parte dos interesados, considérase conveniente transcribir, total ou parcialmente, algúns aspectos da regulamentación comunitaria.

Esta disposición dítase ó amparo da habilitación contida no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2002,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer un réxime de axudas para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos ós alumnos de centros escolares, de conformidade co previsto nos regulamentos (CE) 1255/1999, do Consello, do 17 de maio; 1670/2000, do Consello, do 20 de xullo, e 2707/2000, da Comisión, do 11 de decembro.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Serán beneficiarios da axuda os alumnos que asistan regularmente ós centros escolares, recoñecidos oficialmente polas autoridades competentes en materia de educación, dos seguintes niveis de ensino regulado pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de orde nacional xeral do sistema educativo:

a) Educación infantil, incluídos os xardíns de infancia ou outros establecementos de educación preescolar, legalmente recoñecidos.